

**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.  
CURSO 2023/2024**

**ANEXO 3**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Nome da/do solicitante	
DNI	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e en relación coa convocatoria de subvencións para a adquisición de libros de texto e material escolar destinados a alumnado de 2º ciclo de educación infantil

**DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

- c) Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado por causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
- d) Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- e) Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Que o solicitante, así como os abaixo asinantes,

AUTORIZAMOS ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

NON AUTORIZAMOS ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.**

- f) Que todos os membros da unidade familiar están empadroados no concello de Ames. Que o/a solicitante, así como os abaixo asinantes, únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación. (NO CASO DE NON OUTORGAR A AUTORIZACIÓN, O/A INTERESADO DEBERÁ APORTAR A CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE).

AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación.

NON AUTORIZAMOS ao Departamento de Educación a facer as comprobacións oportunas que certifiquen dita situación.

**No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.**

Autorizo a comprobación na AEAT, SS e padrón municipal		Nome e apelidos	DNI	Sinatura
AUTORIZO	NON AUTORIZO			

Autorizo a comprobación na AEAT, SS e padrón municipal		Nome e apelidos	DNI	Sinatura

**No caso de tratarse de menores de idade o consentimento para a comprobación dos datos deberá asinalo o pai, nai ou titor/a legal.**

Ames, _____ de _____ de 2024
O/A solicitante.

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a promoción de actividades complementarias de servizos sociais comunitarios e inclusión social do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).